

AS EMPRESAS CON CERTIFICADO AMBIENTAL DEBERÍAN ESTAR MÁIS APOIADAS

XESÚS CHENEL NOYA, EMPRESARIO

Entrevista por Belén Rodríguez

Do grupo NOYA Automóviles, Xesús Chenel Noya preside desde hai máis dun ano a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Tambre de Santiago de Compostela. Este Polígono abrangue máis de 400 empresas relacionadas sobre todo co sector do motor, da construción, do transporte ou do metal e a madeira. Conversamos con el para Cerna, con motivo da exposición ArtNaturaleza nos locais da Asociación que preside.

© Alberte S.R.



– Avanzou o polígono do Tambre con respecto ao coidado medioambiental nos últimos anos?

– Consequimos que reducir a cantidade de residuos que vai aos cursos fluviais que pasan polo parque empresarial. Houbo momentos que os ríos ían de cor branca. Foi difícil que as empresas adoptaran medidas e moitas naves industriais foron construídas sen separación de augas residuais e pluviais, ben porque o propietario descoñecía esa obriga, ben porque era máis doado para o construtor. Tamén evitamos que se lavasen os vehículos na vía pública, antes era unha práctica moi usual.

– Que queda por facer?

– Temos que conseguir que os recintos industriais se humanicen e que non se vexan descoidados, por iso mantemos unha loita diaria co concello para lograr zonas axardinadas que, na súa maioría, están en mal estado.

Pero, sobre todo, intentamos que as empresas se convenzan de que é necesario obter o certificado ambiental ISO 14000, para que todas sexan xestoras dos seus propios residuos, para que os reciclen na súa maioría ou llos entreguen a empresas especializadas. Neste

senso, queda aínda moito por facer. Na miña empresa temos o certificado porque somos conscientes de que doutro xeito, o problema dos residuos vai ser peor no futuro.

– Con que dificultades se atopan as empresas para acadar ese certificado?

– A empresa tense que adaptar infraestruturalmente e, o máis difícil, ten que mentalizar ao persoal traballador. Unha vez superado ese reto, as dificultades son estritamente económicas. É un custo que moitas empresas pequenas non poden asumir. Débese contratar persoal específico que se responsabilice do sistema de calidade e medio ambiente da empresa e logo hai que pagar o servizo de recollida dos residuos. E nalgúns sectores, como o do automóbil, xéranse residuos moi perigosos que precisan dunha xestión máis laboriosa e, polo tanto, máis cara.

– Que vantaxes ten para o empresario xestionar adecuadamente os residuos?

– Para o empresario mentalizado son todo facilidades. Se se fai de mala gana ou obrigado sempre te atopas con moitos inconvenientes. Pero se unha empresa está certificada ambiental-

mente, tanto o empresario como o cliente poden estar seguros de que o aceite ou o pneumático que se lle cambia a un coche vai ir parar a empresas xestoras autorizadas. Esta idea debe de ser percibida polo cliente que, polo de agora aquí, ao contrario que noutras comunidades, non está pagando máis por este servizo.

– Cre que o usuario está concienciado nesta materia?

– Unha empresa cando contamina, contamina de verdade; pero os cidadáns, por pouco que contaminen individualmente, en conxunto crean un grande problema. Neste senso, boto en falla a actuación das administracións públicas que, por outra parte, non acostuman dar exemplo. No polígono industrial do Tambre, o concello ten instalacións (parque móbil, matadoiro municipal...), mais non se nota que sexan públicas. Tampouco vexo que se informe suficientemente ao cidadán sobre o punto limpo.

– Percibe pouco apoio por parte da Administración?

– Si. As empresas que estamos certificadas ambientalmente non temos ningunha vantaxe con respecto ás que non o están. Por exemplo, á hora de acceder a un concurso de obras públicas. E moitas veces, a Administración descoñece o tratamento que reciben os refugallos xerados nas súas obras. As empresas certificadas deberíamos ter máis vantaxes para que os empresarios se animasen a tomar medidas medioambientais.

Pola nosa parte, pedímoslle un desconto nos impostos ao concello para aquelas empresas que xestionamos os nosos propios residuos e que non utilizamos os contedores urbanos. Consequimos unha redución do 30%, cando en Vigo obteñen un desconto do 70%.